

PEZA DO MES

novembro


2007



TAMPA SEPULCRAL

1.152

ALLARIZ



PLANO DA ZONA ESCAVADA

TAMPA SEPULCRAL

No mes de novembro de 1979 ao realizárense unhas obras no exterior da ábsida da igrexa de Santiago en Allariz, os traballadores da empresa Suárez de Construcciones, S.A., deron cunha pedra de certas dimensións e ao advertir que presentaba unhas letras, os responsables da obra notificaron o achado ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, consonte as directrices da normativa legal naquelas datas vixente, e pouco despois trasladaron á peza a Ourense para o seu ingreso no Museo, seguindo as disposicións legais relativas aos achados casuais.

Como resultado da descuberta realizáronse seguidamente unhas exploracións de urxencia no sector en obras, tentando orientar a investigación histórica para obter un contexto arqueolóxico das pezas así como doutros achados casuais que tamén ingresaron no Museo. As sondaxes revelaron a existencia dunha ampla zona de enterramentos preexistentes ao propio edificio da igrexa, xa que os seus alicerces se asentaban sobre as tumbas abertas directamente no chan, tumbas que presentan planta de forma antropomorfa, de corpo trapezoidal e, moi destacada, a cabeceira de forma discoide, así como outras construídas por pequenas laxes de pedra colocadas na terra que rodeaba ao templo, delimitando un período de ocupación medieval e outro, anterior, de época romana moi alterado pola creación da necrópole medieval, tal e como no seu tempo publicaron Pérez Outeiriño e Fariña Busto.

A tampa descuberta é un bloque granítico, de grao fino, con veas de seixo, que ten un grosor de entre 15 e 25 cm, lonxitude de 140 cm e forma trapezoidal, con máis cumprimento no que sería a cabeceira (64 cm) que na parte inferior (54 cm). Na parte superior da peza, ben traballada, ao igual que os laterais, por contraposición coa parte inferior a penas desbastada, ten un baquetón inciso que a

contorna e no seu interior destaca o relevo dunha cruz patada, algo deforme, de brazos sensiblemente iguais a partir dun disco central, e unha inscrición, incisa, que se desprega en sentido lonxitudinal a partir da cruz, en cinco liñas de tamaño irregular, na que se pode ler:

E MCLXXXX
 OBIIT FLA DI
 MARIA
 FILLA DE PE
 DRO GEÇAM

A primeira liña está subliñada por una liña incisa que se bifurca na parte final, aínda que poderíamos pensar que en parte corresponde á indicación das abreviaturas da liña inferior, concretamente as correspondentes a FAMULA e DEI, indicadas no texto coas expresións habituais de FLA e DI.

A interpretación é doada: E(ra) M(lesima) C(entesima) LXXXX (nonagentesima), obiit famula Dei, María, filla de Pedro Geçam.

No ano da Era de 1190, finou a serva de Deus María, filla de Pedro Geçam.

A expresión da data corresponde co cómputo habitual da época, en anos da Era, e que equivale ao ano de 1152 no calendario actual.

Dende o punto de vista epigráfico as letras corresponden cos modelos usados nesas datas, é dicir letras capitais, destacando a feita singular dalgunhas delas: M, T, D; e outro tanto cabe indicar verbo das fórmulas empregadas: “Obiit” para indicar o pasamento, e a indicación de humildade cristiá “Famula Dei” que acompaña ao nome da defunta.

Dende o punto de vista formal nos encontramos diante dun tipo de laude funeraria dun modelo habitual dende finais do século X en Galicia, caracterizada pola figuración da Cruz de brazos equiláteros destacada e unha inscrición, tipo que parece imporse no núcleo compostelán a partir da laude de Teodomiro (do ano 847) o bispo descubridor do sepulcro do Apóstolo, e que, seguindo a interpretación realizada por Xosé Suárez Otero supón unha innovación nas formas, producíndose un período de convivencias entre as pezas que seguen a tradición anterior, moi asentada en Iria Flavia, pero documentada en moitos outros lugares de Galicia, con ampla cronoloxía, e representada polas tampas con decoración de estola, que manterá aínda durante un tempo a súa presenza, que incluírá mesmo a cruz como parte da súa iconografía e recibirá tamén unha inscrición identificadora, un proceso que se estenderá temporalmente ao longo de todo o século X e acadará nas súas derradeiras manifestacións ao comezo do século XI. Con todo, a nova forma imporse e con forza en Santiago, pero tamén se difundirá paulatinamente, ao longo dos séculos XI e XII ao territorio galego, como mostran exemplos como esta peza, ao tempo que se produce unha modificación importante na valoración do sarcófago como fórmula de preservación do cadáver enterrado, xa que como sinala o mesmo Suárez Otero



SEPULTURAS DE LAXES

para Compostela “o resto das laudes epigráficas, cando non están dislocadas da súa posición e función orixinaria, aparecen vinculadas a tumbas escavadas na rocha base do subsolo inmediato ás basílicas prerrománicas”, circunstancia que, aínda que non constada totalmente, tamén se pode anotar no caso alaricano.

Ao presentar un documento como este debemos valorar a peza por si mesma e en relación con outras que definen o seu contexto e caracterización, xa que un epígrafe é un elemento de comunicación social, vinculado a un grupo e a unhas ideas e inclúe unha información que se tenta achegar aos outros, polo que a comprensión dunha peza desta características deberían permitirmos unha aproximación ao seu entorno histórico, condicións sociais, culturais, económicas, etc., nas que se desenvolve a vida do que a encarga (que se supón que pode ser de quen fai mención) e aqueles aos que se dirixe, e o fai por medio dunhas expresións concretas, de valor semántico claro e específico e cunhas formas concretas.

Desgraciadamente a epigrafía medieval galega aínda non conta cun repertorio semellante ao de Mario Jorge Barroca para Portugal ou os García Lobo para León e de Maximino Gutiérrez e Encarnación Martín para Zamora, e a iniciativa do Consello da Cultura Galega aínda non agromou en froito, polo que os referentes terán que ser máis limitados e dificultan unha visión ampla do proceso xeral, tanto epigráfico como formal dos monumentos, e a contextualización desexada debera agardar aínda un tempo.

A pesares diso, podemos ver que se trata dun epitafio, isto é unha mostra do elemento máis numeroso das inscricións medievais, que o prof. García Lobo organiza, segundo a fórmula indiciaria, en “necrológica” (como esta que presenta a fórmula *obit*) fronte á “sepulcralia” (nas que aparece a fórmula *hic iacet, hic requiescit...*). Por outra parte, que sexan as inscricións funerarias as máis numerosas do mundo medieval encaixa perfectamente coa sociedade cristiá na que se formula, xa que, aínda que o culto aos mortos e a difusión dos elementos rela-



SEPULTURAS ANTROPOMORFAS

cionados coa morte tivo grande importancia en tódalas civilizacións antigas, na sociedade cristiá a morte ten un valor engadido, en tanto que significa o paso á outra vida, á vida eterna na compañía de Xesucristo, polo que importa deixar constancia do paso a outra vida, mención que, en moitos casos, se acompaña de expresións indicadores da certeza na resurrección, que non está presente neste caso.

O seu uso está vinculado á crenza cristiá e tamén ao costume ou obriga que tiñan as igrexas e mosteiros de rezar polos seus deudos e benefactores e o seu formulario é moi sinxelo: data, notificación e intitulación.


Para rematar este comentario, non podemos deixar de chamar a atención sobre o feito de presentarse nun texto claramente latino unha expresión de filiación tan romance como a indicación “filla de..”, nin por suposto a presenza de elementos que nos fan pensar máis nun texto a medio camiño entre o latín, que representa o formulario tradicional (*Obiit famula Dei*) fronte a expresión romance, o que nos proporciona unhas pautas coincidentes co mesmo fenómeno que se aprecia na documentación escrita sobre papel ou pergamiño, da que os primeiros exemplos coñecidos son, máis amplos, e algo posteriores (ca. 1228), pero tamén documentados na mesma zona alaricana.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE